

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

DÍA INTERNACIONAL DE LA MUJER TRABAJADORA

DIA INTERNACIONAL DE LA DONA TREBALLADORA

DIA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

8 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA de Marzo 2017

BAILEMOS XUNTAS A NOSA REVOLUCIÓN



Confederación
Xeral do
Traballo

@CGT
www.cgtgalicia.org
rojoynegro.info

8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

Desde o anarcosindicalismo queremos lembrar que nos gustaría, e loitamos por iso, unhas relacións entre as persoas que non tivesen que verse sometidas a intercambios comerciais de ningún tipo e que, por tanto, a explotación laboral non existise.

Queremos e loitamos por iso, que desaparezan as relacións de traballo sometidas ás leis do mercado e que deixen paso á autoorganización e a autoxestión.

Pero, mentres tanto, necesitamos implantar dereitos que nos protexan fronte aos abusos do capital, xa que os traballos de todas as persoas, e en especial das mulleres, son un violento punto de unión entre o patriarcado e o capitalismo.

Neste 8 de Marzo de 2017, Día Internacional da Muller Traballadora, **manifestamos** que:

- ♀ Declarámonos anarcofeministas incluíndo a todas as identidades que difiren do patrón heteronormativo.
- ♀ Defendemos a autoxestión dos Servizos Públicos e denunciemos a privatización aos que estes están sometidos e que nos afecta especialmente ás mulleres en sectores como telemárketing, limpeza, educación, sanidade...
- ♀ Defendemos a inclusión da economía feminista en todas as ordes da vida, para erradicar as desigualdades como a brecha salarial, explotación de dobre xornada, o acceso aos servizos sociais, pensións, educación feminista e coeducación, plans de igualdade, teito de cristal, porque todas as vidas merecen ser sostidas.
- ♀ Defendemos os dereitos das mulleres refuxiadas e migrantes.
- ♀ Denunciamos o salario precario e vivir na precariedade.
- ♀ Denunciamos a intromisión das relixións, esixindo a saída destas do ámbito público: educación, lexislación, opinión pública, medios de comunicación públicos?
- ♀ Denunciamos o ascenso dos fascismos a nivel mundial.
- ♀ Reivindicamos os espazos seguros, erradicando todos os tipos de violencias sexuais.
- ♀ É necesaria a loita feminista porque o que existe é unha falsa igualdade, porque a dobre discriminación, como muller e como traballadora, segue existindo.
- ♀ As mulleres non nos resignamos á inxustiza social e a desigualdade. Loitamos, loitamos e seguiremos loitando ata conseguilo. E facémolo desde a dignidade, a integridade, sen perder a alegría e as ganas de vivir. Como dicía Emma Goldman "Se non podo bailar, a túa revolución non me interesa".

BAILEMOS XUNTAS A NOSA REVOLUCIÓN!

NON HAI REVOLUCIÓN SEN LIBERACIÓN DAS MULLERES!

QUERÉMONOS LIBRES, VIVINDO!